



A FORMACIÓN PROFESIONAL

CICLOS FORMATIVOS

CARACTERÍSTICAS

- Organízanse en **familias profesionales**
- Dentro de cada familia pódense ofertar **ciclos básicos**, de **grao medio e/ou superior**
- Contidos organizados en **módulos profesionales**



NIVELES DE FORMACIÓN PROFESIONAL



GRADO A

➤ Cursos **básicos**

GRADO B

➤ **Módulo completo.** Se puede obtener acumulando varios cursos de grado A.

GRADO C


➤ Varios módulos profesionales. Cuenta con prácticas en empresas y se obtiene el **Certificado Profesional.**

GRADO D

➤ **Ciclos Formativos** de FP Básico, Grado Medio y Grado Superior. Formaciones de dos o tres años de duración que se pueden cursar en modelo dual.

GRADO E

➤ **Cursos de especialización** equivalentes a másteres universitarios.



RÉXIMES E MODALIDADES



FP BÁSICA



GRAO MEDIO



GRAO SUPERIOR



CURSOS DE
ESPECIALIZACIÓN



Réxime ordinario presencial



Réxime de adultos modalidade presencial



Réxime de adultos modalidade a distancia



FP Dual (empresa e centro educativo)

As ensinanzas están organizadas en tipos de oferta e modalidades de asistencia:

Oferta ordinaria. Matrícula por curso completo en dous cursos académicos en horarios de mañá e/ou tarde, segundo o horario establecido polo centro educativo. A asistencia ás clases é obrigatoria.

Oferta modular. Matrícula parcial por módulos que se imparten ao longo dos tres trimestres do curso. A xornada lectiva desenvólvese polo xeral en horarios de tarde-noite na **modalidade presencial** segundo o horario establecido polo centro. Na modalidade presencial a asistencia ás clases é obrigatoria.

Na **modalidade semipresencial e a distancia** a asistencia é obrigatoria ás actividades de avaliación. A asistencia ás titorías e ás actividades formativas presenciais non é obrigatoria pero si recomendable.

FP dual intensiva. Ten como finalidade a cualificación profesional das persoas nun réxime de alternancia de actividades formativa e laboral nunha empresa coa formación no centro educativo. Está organizada en proxectos formativos específicos que poden ter duración de un a tres cursos e combinar varias titulacións completas ou parciais.

Formación acelerada. A súa finalidade é permitir que as persoas obteñan unha cualificación de xeito rápido, que lles permita o acceso ao emprego nos sectores clave para Galicia nos que existe plena inserción profesional, pero á súa vez que poidan acumular esta formación para obteren posteriormente un título.

Esta formación caracterízase por concentrarse nun período curto de tempo, de catro a seis meses, realizándose dúas edicións por curso académico: primeira edición de setembro a xaneiro, e segunda edición de xaneiro a xuño.

Cursos de especialización. Matrícula por curso completo en un só ano académico. Teñen por obxecto completar as competencias das persoas que dispoñan dun título profesional de referencia, medio ou superior, incorporando na formación do alumnado as últimas innovacións que se produzan no sistema produtivo, sinaladamente nos ámbitos emerxentes

OS MÓDULOS

Modificación dos módulos profesionais

✓ NOVOS MÓDULOS

▶ CICLOS DE FP BÁSICA

- » Itinerario persoal para a empregabilidade
- » Proxecto de aprendizaxe colaborativa

▶ CICLOS DE GRAO MEDIO E GRAO SUPERIOR

- » Módulos comúns a todos os ciclos:
 - » Itinerario persoal para a empregabilidade I e II
 - » Dixitalización aplicada aos sectores produtivos
 - » Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo
 - » Inglés profesional
 - » Proxecto intermodular (NOVO nos ciclos de grao medio)
 - » Módulo optativo

ORDENACIÓN DA FP GALEGA NO ÁMBITO DA LEI DE FP

✗ MÓDULOS PARA SUPRIMIR (PENDENTE DE PUBLICAR A NORMA)

▶ CICLOS DE FP BÁSICA

- » Formación en centros de traballo (FCT)

▶ CICLOS DE GRAO MEDIO E GRAO SUPERIOR

- » Formación e orientación laboral (FOL)
- » Empresa e iniciativa emprendedora
- » Formación en centros de traballo (FCT)
- » Proxecto, naqueles casos que figurasen no currículo

▶ CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN

- » Formación en centros de traballo (FCT)

>>> 10

Novos módulos na FP galega

 CURSO 2024-2025

1º CURSO

 CURSO 2025-2026

2º CURSO



GRAO BÁSICO

» Itinerario persoal para a empregabilidade

» Proxecto intermodular de aprendizaxe colaborativa

O resto de módulos mantéñense



GRAO MEDIO E GRAO SUPERIOR

» Itinerario persoal para a empregabilidade I *

» **Inglés profesional** **

» Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo

» Itinerario persoal para a empregabilidade II *

» Dixitalización aplicada aos sectores produtivos

» Módulo optativo

» Proxecto intermodular *

» **Inglés profesional (módulo autonómico)** **

** Sustitúen módulos xa existentes*

*** Xa incluídos en Galicia nos novos currículos implantados desde o curso 2019-2020 e tamén nos ciclos ofertados na modalidade FP Dual*

CFGM SISTEMAS MICROINFORMÁTICOS E REDES

CURSO 1ª			
Código	Módulo	Horas Totales	Horas semanales
0221	Montaje y Mantenimiento de Equipo	192	6
0222	Sistemas Operativos Monopuesto	160	5
0223	Aplicaciones Ofimáticas	224	7
0225	Redes Locales	224	7
1665	Digitalización aplicada al sistema productivo	32	1
1708	Sostenibilidad aplicada al sistema productivo	32	1
1709	Itinerario personal para la empleabilidad I	96	3
CURSO 2º			
Código	Módulo	Horas Totales	Horas semanales
0156	Inglés profesional	70	2
0224	Sistemas Operativos en Red	210	6
0226	Seguridad Informática	140	4
0227	Servicios en Red	210	6
0228	Aplicaciones Web	140	4
1710	Itinerario personal para la empleabilidad II	105	3
1713	Proyecto intermodular	70	2
	Módulo profesional optativo	105	3
	Formación en empresa (dual)	380	

FORMACIÓN NA EMPRESA NA FP GALEGA

Formación na empresa na FP galega

»» INCREMENTO ATA O MÁXIMO PERMITIDO, MANTENDO A FORMACIÓN NO CENTRO EDUCATIVO

 CICLOS DE FP BÁSICA

 CICLOS DE GRAO MEDIO

 CICLOS DE GRAO SUPERIOR



ACTUALMENTE

»» **320 horas**
(16%)

»» **410 horas**
(20,50%)

»» **384 horas**
(19,20%)



A PARTIR DO CURSO 2024-2025

»» **Ata 480 horas**
(24%)

1º ata 80 horas
2º 400 horas

»» **Ata 700 horas**
(35%)

1º ata 200 horas
2º 500 horas

»» **Ata 700 horas**
(35%)

1º ata 200 horas
2º 500 horas

ADMISIÓN FP 2025-2026

- O prazo de presentación de solicitudes de admisión para as ensinanzas de formación profesional en oferta ordinaria para o curso 2025-2026 será desde o 16 de xuño ás 9:00 horas ata as 13:00 horas do 2 de xullo. Quen obteña o requisito de acceso por obter un título de FP ou da ESO no curso 2024-2025 presentará a solicitude **a partir do 23 de xuño**.
- ☐ Unicamente poderá presentar a solicitude quen cumpra os requisitos de acceso no momento da presentación da solicitude de admisión.
- **Deberase cubrir unha única solicitude por cada grao, medio ou superior, no que se desexe participar. En cada solicitude poderá optarse a catro opcións de centro, ciclo e quenda.**

ASISTENTE INFORMÁTICO

- A solicitude realizarase utilizando o asistente informático que estará dispoñible no enlace www.edu.xunta.gal/fp, **aplicación Ciclosadmisión**
- O asistente web para realizar unha solicitude de admisión a ciclos formativos **só estará dispoñible durante os períodos de presentación de solicitudes.**
- A aplicación avisará no caso de que fose necesario achegar documentación, que poderá engadirse en soporte electrónico. Non será necesario presentar o resgardo da solicitude nin a documentación nun centro, agás que a aplicación indique que para que sexa unha solicitude válida teña que ser entregada, xunto coa documentación necesaria, nun centro educativo con oferta de FP sostida con fondos públicos para ser selada, datada e validada. No caso de se detectar erros na instancia validada, e só durante o prazo de presentación de solicitudes, poderán xerarse e validarse outra/s solicitude/s de admisión. Só se considerarán os datos da derradeira solicitude validada.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

- Pola **oferta ordinaria** establécense tres cotas de reserva:
- ☐ **Cota xeral**: 90 %
- ☐ **Cota discapacidade**: 10 %, para persoas con discapacidade legalmente recoñecida maior ou igual ao 33 %, respectando a distribución de prazas realizada a partir das porcentaxes fixadas para os grupos 1, 2 e 3.
- ☐ **Cota adicional** do 5 % para para as persoas que cumpran os requisitos de **deportista galego de alto nivel**

PARA CADA COTA ESTABLÉCENSE TRES GRUPOS SEGUNDO O TIPO DE REQUISITOS DE ACCESO:

- ☐ **Grupo 1** (entre 75 % e 85 %). Para persoas con título de graduado en ESO ou técnico básico de formación profesional.
- ☐ **Grupo 2** (entre 10 % e 20 %). Persoas que superasen un curso de formación específico ou unha proba de acceso.
- ☐ **Grupo 3** (ata 10 %). Persoas con título de técnico ou de técnico superior (ou outros academicamente superiores) e persoas con titulacións obtidas fóra do estado español que estean tramitando a homologación dos seus estudos pero aínda non obtivesen a credencial de homologación.

PRIORIDADES DE ACCESO A CICLOS MEDIOS DE OFERTA ORDINARIA

• Grupo 1

- 1 ☐ Graduado en ESO ou técnico básico de formación profesional obtidos nos tres últimos anos naturais.
- ☐ Graduado en ESO ou técnico básico de formación profesional obtidos antes dos tres últimos anos naturais.
- 2 ☐ Técnico auxiliar.
- ☐ 2º de BUP cun máximo de dúas materias pendentes.
- ☐ Ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos, o 3º curso do plan do 1963 ou 2º de comúns experimentais e bacharelato superior.

PRIORIDADES DE ACCESO A CICLOS MEDIOS DE OFERTA ORDINARIA

• Grupo 2

- 1 ☐ Proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de FP ou curso de acceso a ciclos medios.
- 2 ☐ Proba de acceso a ciclos formativos superiores de FP.
- 3 ☐ Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- ☐ Proba de acceso a ciclos formativos medios e superiores de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño .

PRIORIDADES DE ACCESO A CICLOS MEDIOS DE OFERTA ORDINARIA

• Grupo 3

- 1 ☐ Título de técnico.
- 2 ☐ Título de bacharelato. ☐ BUP.
- 3 ☐ Título de técnico superior. ☐ Título de técnico especialista.
- 4 ☐ Título universitario.
- 5 ☐ Calquera titulación de acceso en trámite de homologación (volantes de inscripción condicional).

Dirección Xeral de Formación Profesional
Admisión a formación profesional 2025-2026

Prazos do proceso de admisión

- Oferta ordinaria

- Oferta modular

Período ordinario de admisión	
Presentación de solicitudes	16 de xuño ás 9:00 ao 2 xullo ás 13:00 horas* *Quen obteña o requisito de acceso por obter un título de FP ou da ESO no curso 2024-25 presentará a solicitude a partir do 23 de xuño
Resolución provisional de solicitudes	8 xullo
Reclamación contra a resolución provisional	8 xullo ás 9:00 ao 10 xullo ás 13:00 horas
Resolución definitiva de solicitudes	15 xullo
1ª adxudicación	15 xullo
Matriculación 1ª adxudicación	15 xullo ás 9:00 ao 18 xullo ás 13:00 horas
2ª adxudicación	22 xullo
Matriculación 2ª adxudicación	22 xullo ás 9:00 ao 24 xullo ás 13:00 horas
3ª adxudicación	29 xullo
Matriculación 3ª adxudicación	29 xullo ás 9:00 ao 31 xullo ás 13:00 horas
Adxudicación continuada (chamamento)	1 setembro ás 9:00 horas ao 26 setembro ás 13:00 horas

Período de solicitude de matrícula simultánea	
Presentación de solicitudes* *Sempre que existan prazas dispoñibles.	8 setembro ás 9:00 horas ao 12 setembro ás 13:00 horas
Matriculación* *Sempre que existan prazas dispoñibles e con resolución positiva do servizo de inspección educativa.	16 setembro ás 9:00 horas ao 19 setembro ás 13:00 horas

Outras accións	
Ampliación da oferta modular coas prazas vacantes dos módulos de ciclos con oferta completa.	16 setembro ás 9:00 horas ao 19 setembro ás 13:00 horas

PRIMEIRA ADXUDICACIÓN ORDINARIA E MATRÍCULA

- O día **15 de xullo** publicárase a **primeira** relación ordinaria de **prazas adxudicadas** en cada ciclo formativo de grao medio e de grao superior. **As persoas con praza adxudicada deberánse matricular no prazo abranguido desde o día 15 ás 9:00 horas ao día 18 de xullo ás 13:00 horas.** De non facelo, perderán o dereito de matrícula nas prazas adxudicadas. No caso da oferta ordinaria, **non matricularse nin renunciar significará quedar excluído/a do proceso de admisión.**

RENUNCIA Á PRAZA ADXUDICADA EN OFERTA ORDINARIA

- As persoas solicitantes da oferta ordinaria **poderán renunciar a unha praza**
- **adxudicada e permanecer no proceso de admisión, á espera** de que lles sexa adxudicada algunha das opcións de maior prioridade que a adxudicada. A renuncia **afectará á praza que lle fose adxudicada e a todos os ciclos sinalados en lugares posteriores na solicitude.**
- A renuncia **deberase realizar a través da aplicación informática que se atopa no enderezo web <http://www.edu.xunta.fp>,** seguindo o procedemento que se habilite para esta finalidade.
- **Tamén se poderá realizar a renuncia co impreso correspondente, que estará dispoñible en <http://www.edu.xunta.gal/fp>.** Este documento, **cuberto coa renuncia e asinado, deberase entregar no prazo de matrícula** establecido para a correspondente adxudicación **en calquera centro** de Galicia con oferta de **formación profesional** sostida con fondos públicos **ou no centro no que lle fose adxudicada a praza á que vai renunciar**

TODA A INFORMACIÓN DO PROCESO DE ADMISIÓN

- Para a consulta da situación individual pódese usar o **DOI (DNI) e o código da solicitude**, usuario e contrasinal de edu.xunta.gal, chave 365 e certificado dixital. <https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission/>
- **Liberación de prazas**
- A Dirección Xeral de Formación Profesional **poderá liberar as prazas vacantes dos ciclos formativos ata o 26 de setembro ás 13:00 horas** para alumnado que acredite o cumprimento dos requisitos de acceso. Os centros efectuarán **a matrícula por estrita orde de presentación** das solicitudes de matrícula. A relación dos ciclos formativos coa condición de liberados e o número de prazas dispoñibles en cada un deles poderase consultar na páxina web de formación profesional.

[HTTP://WWW.EDU.XUNTA.GAL/FP/FOLLETOS-
-INFORMATIVOS-FP](http://www.edu.xunta.gal/fp/folletos-informativos-fp)

FAMILIAS PROFESIONALES

